

Curso Académico 2009-20010

## TITULACIÓN DE MESTRE/A

Especialidades de:

Ed. Infantil (652 111 101) , Ed. Primaria (652 211 101), Ed. Física (652 311 101) e Audición e Linguaxe (652 411 101)

---

### ***PSICOLOXÍA DA EDUCACIÓN E DO DESENVOLVEMENTO NA IDADE ESCOLAR***

---

<b>PROGRAMA</b>
-----------------

***Créditos:*** Teóricos: 5      Prácticos: 3

***Tipo:*** Troncal

***Idioma:*** Galego

***Departamento:*** Psicoloxía Evolutiva e da Educación

***Profras:*** Ana Porto Riobó ([riopaz@udc.es](mailto:riopaz@udc.es); ext. tfno. 4679)  
(Especialidades de E. Primaria e Audición e Linguaxe)  
Rosa Santorum Paz ([santorum@udc.es](mailto:santorum@udc.es); ext. tfno. 4680)  
(Especialidades de E. Infantil e E. Física)

***Despacho:*** P2 A15



## I. COMPETENCIAS

1. Coñecer, comprender e valorar o coñecemento científico aportado desde a Psicoloxía do Desenvolvemento ao estudo dos procesos de cambio comportamental que se producen nos seres humanos como resultado de procesos de crecemento, desenvolvemento, experiencias vitais significativas (denominado xenericamente cambio evolutivo).

2. Coñecer e comprender a evolución psicolóxica dos nenos e das nenas nos distintos niveis educativos de infantil e primaria, é dicir, na primeira e segunda infancia ou nenez temperá (0-6 anos) e terceira infancia ou nenez intermedia (6-12).

3. Coñecer e identificar as principais características psicoevolutivas do alumnado da educación infantil nas súas dimensións ou dominios físico e psicomotriz, cognitivo, lingüístico, afectivo-social e a súa interrelación e continuidade.

4. Coñecer e identificar as principais características psicoevolutivas do alumnado da educación primaria nas súas dimensións ou dominios cognitivo e social-relacional e a súa interrelación e continuidade.

5. Coñecer, comprender e valorar o coñecemento científico aportado desde a Psicoloxía da Educación ao estudo dos procesos de cambio comportamental que se producen nos seres humanos como resultado da súa participación en situacións educativas (cambio educativo).

6. Coñecer, comprender e reflexionar sobre as principais concepcións e tipos de aprendizaxe, a súa evolución histórica/paradigmática e ás súas implicacións educativas e valorar a importancia de facer unha aprendizaxe constructiva, significativa e interactiva.

7. Coñecer, comprender, identificar e reflexionar sobre algunhas das variábeis mais relevantes propias das situacións educativas escolares de natureza intrapersonal ou propias do alumnado, tanto do ámbito cognitivo como afectivo, e a súa incidencia na aprendizaxe escolar.

8. Coñecer, comprender, identificar e reflexionar sobre algunhas das variábeis mais relevantes propias das situacións educativas escolares de natureza relacional e contextual e a súa incidencia na aprendizaxe escolar.

9. Identificar e analizar algunhas das características psicoevolutivas do alumnado nas etapas de educación infantil e primaria, a través da observación, de autoinformes e estudos clínicos.

10. Planificar e realizar tarefas de forma crítica e creativa, como froito dun pensamento diverxente.

11. Manexar ferramentas informáticas e utilización de distintos recursos na rede para a procura de información

12. Analizar e autoavaliar a propia aprendizaxe para aprender a aprender

13. Elaborar táboas, perfís, cadros .... para a presentación de datos, puntuacións ou información.

14. Elaborar informes de forma sistemática e planificada a partir de datos obtidos da aplicación de cuestionarios u observación.

15. Entender o carácter interactivo do proceso de ensino/aprendizaxe nas situacións educativas, e en consecuencia valorar a asistencia á clase como o contexto en que se materializará o mesmo.

16. Valorar a participación, o diálogo e o debate, cunha actitude de respecto, tanto cara ás queudas como ás ideas, como formas de implicación activa e compromiso coa aprendizaxe.

17. Sensibilizarse, comprometerse activamente, responsabilizarse e avaliar o propio proceso de aprendizaxe, desenvolvendo hábitos de traballo, esforzo, responsabilidade e actitudes de curiosidade, rigor científico e interese pola aprendizaxe e o traballo ben feito.

18. Desenvolver técnicas e actitudes favorábeis á cooperación, coparticipación, compromiso e intercambio con outros e outras compañeiros e compañeiras e desenvolver formas de conversación e pensamento exploratorias que favorezan a comprensión e construción do coñecemento.

19. Valorar a utilización do idioma galego como lingua vehicular do ensino e actuar en consecuencia.

20. Recoñecer e valorar as diferenzas individuais rexeitando a discriminación baseada en diferenzas de sexo, clase social, crenzas, raza e outras características individuais e sociais. Aceptar e valorar a diversidade.

## II. CONTIDOS TEÓRICOS

### ***BLOQUE TEMÁTICO I: DESENVOLVEMENTO PSICOLÓXICO DO ALUMNADO NA IDADE ESCOLAR***

#### **A. ASPECTOS INTRODUCTORIOS**

##### **TEMA 1. CONCEPTO E OBXECTO DA PSICOLOXÍA DO DESENVOLVEMENTO OU EVOLUTIVA**

1. Introducción
2. Determinantes do desenvolvemento psicolóxico
3. O papel da herdanza e o medio na determinación do desenvolvemento
4. Deseños básicos para a investigación evolutiva

#### **B. O DESENVOLVEMENTO NA ETAPA DE INFANTIL (Primeiro ciclo, 0 a 3 anos)**

##### **TEMA 2. DESENVOLVEMENTO FÍSICO E PSICOMOTOR**

1. Introducción
2. O desenvolvemento físico
3. O desenvolvemento psicomotor

##### **TEMA 3. O NACEMENTO DA INTELIXENCIA: A INTELIXENCIA SENSORIO-MOTORA**

1. Introducción
2. Consolidación de reflexos
3. Reaccións circulares
4. Coordinación de esquemas
5. Recoñecemento dos obxectos
6. Permanencia dos obxectos
7. Resolución de problemas
8. Os comezos da representación

**TEMA 4. ADQUISICIÓN DA LINGUAXE**

1. Introducción
2. Etapa prelingüística
3. Etapa lingüística
4. Aspectos que favorecen a adquisición da linguaxe

**TEMA 5. DESENVOLVEMENTO PSICOAFECTIVO E SOCIAL**

1. Introducción
2. Os procesos de socialización
3. Os procesos mentais de socialización
4. Os procesos condutuais de socialización
5. Os procesos afectivos de socialización

**C. O DESENVOLVEMENTO NA ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL (Segundo ciclo, 3 a 6 anos)****TEMA 6. DESENVOLVEMENTO FÍSICO E PSICOMOTOR**

1. Introducción
2. Crecemento físico
3. Desenvolvemento psicomotor

**TEMA 7. INTELIXENCIA PREOPERACIONAL**

1. Introducción
2. Características xerais do pensamento preoperatorio
3. A representación do mundo e a causalidade
4. A construción de invariantes
5. Consideracións finais

**TEMA 8. DESENVOLVEMENTO DA LINGUAXE**

1. Introducción
2. O desenvolvemento fonolóxico
3. O desenvolvemento morfosintáctico
4. O coñecemento acerca da linguaxe

**TEMA 9. DESENVOLVEMENTO DA PERSONALIDADE E SOCIAL**

1. Introducción
2. A construción da personalidade
3. O coñecemento dun/dunha mesmo/a
4. A familia como contexto de socialización
5. A escola como contexto de socialización
6. Relacións co grupo de iguais

**D. O DESENVOLVEMENTO NA EDUCACIÓN PRIMARIA (6 a 12 anos)****TEMA 10. INTELIXENCIA CONCRETA**

1. Introducción
2. As operacións concretas do pensamento: características
3. Operacións lóxico-matemáticas
4. Espazo e causalidade

**TEMA 11. PROCESOS COGNITIVOS BÁSICOS**

1. Introducción
2. Modelos de memoria
3. Estratexias de almacenamento
4. Estratexias de recuperación
5. Metamemoria

**TEMA 12. DESENVOLVEMENTO SOCIAL E DA PERSONALIDADE**

1. Coñecemento de si propia/o
2. Identidade e tipificacións sexuais
3. Influencia da familia sobre o desenvolvemento

4. Influencia da escola sobre o desenvolvemento

***BLOQUE TEMÁTICO II: A PSICOLOXÍA DA EDUCACIÓN ESCOLAR***

**A. ASPECTOS INTRODUCTORIOS**

**TEMA 13. DESENVOLVEMENTO PSICOLÓXICO E PROCESOS EDUCATIVOS**

1. Desenvolvemento, cultura, educación e escolarización
2. A transformación da educación en desenvolvemento
3. Do estudo do desenvolvemento ao estudo da educación

**TEMA 14. CONCEPTO E OBXECTO DA PSICOLOXÍA DA EDUCACIÓN. APROXIMACIÓN AOS OBXECTIVOS E AOS CONTIDOS DA PSICOLOXÍA DA EDUCACIÓN**

1. A psicología da educación, unha disciplina psicolóxica e educativa
2. O obxecto de estudo e contidos da psicología da educación
3. A sistematización dos procesos de ensino/aprendizaxe

**B. APROXIMACIÓN TEÓRICO-CONCEPTUAL AO PROCESO DE APRENDIZAXE ESCOLAR**

**TEMA 15. A APRENDIZAXE ESCOLAR NA PSICOLOXÍA DA EDUCACIÓN**

1. Introducción
2. Principais enfoques psicolóxicos da aprendizaxe
3. Categorías/Tipos de aprendizaxe escolar
4. Trazos relevantes da aprendizaxe escolar

**C. VARIÁBEIS INTRAPERSONAIS QUE AFECTAN AO PROCESO DE ENSINO/APRENDIZAXE**

**TEMA 16. VARIÁBEIS COGNITIVAS DA APRENDIZAXE ESCOLAR**

1. Introducción
2. Procesos de aprendizaxe
3. Estratexias de aprendizaxe

**TEMA 17. VARIÁBEIS AFECTIVAS DA APRENDIZAXE ESCOLAR I: ATRIBUCIÓN CAUSAL**

1. Introducción
2. Teoría atribucional da motivación de logro de B. Weiner
3. Teoría da autovalía de M. Covington

**TEMA 18. VARIÁBEIS AFECTIVAS DA APRENDIZAXE ESCOLAR II: METAS ACADÉMICAS**

1. Introducción
2. Metas académicas e motivación
3. Metas de aprendizaxe e metas de execución
4. O sistema educativo e a formación de metas

**D. VARIÁBEIS AMBIENTAIS QUE AFECTAN AO PROCESO DE ENSINO/APRENDIZAXE**

**TEMA 19. VARIÁBEIS INTERPERSONAIS E CONTEXTUAIS DA APRENDIZAXE ESCOLAR I: EXPECTATIVAS DO PROFESORADO**

1. Introducción
2. A formación de expectativas
3. Efectos das expectativas na educación

**TEMA 20. VARIÁBEIS INTERPERSONAIS E CONTEXTUAIS DA APRENDIZAXE ESCOLAR II: INTERACCIÓN ENTRE O ALUMNADO**

1. Introducción
2. Interacción entre o alumnado e aprendizaxe escolar

3. A construción do coñecemento na interacción entre o alumnado: mecanismos interpsicolóxicos
4. A construción do coñecemento na interacción entre o alumando: mecanismos moduladores.

### **III. CONTIDOS PRÁCTICOS**

#### **A. BLOQUE PRÁCTICO I: A AVALIACIÓN DO DESENVOLVEMENTO**

##### **1. OS CONTIDOS DA PSICOLOXÍA DO DESENVOLVEMENTO**

Descubrir os contidos propios e específicos da Psicoloxía do Desenvolvemento a través da utilización dos manuais, compilacións, etc. desta disciplina.

##### **2. ADQUISICIÓN E DESENVOLVEMENTO DA LINGUAXE**

Tomar contacto co desenvolvemento da linguaxe infantil a través dun estudo observacional, e analizar e reflexionar en función dos datos obtidos sobre o proceso de adquisición e desenvolvemento da linguaxe nos distintos aspectos fonolóxico, morfolóxico e sintáctico.

##### **3. DESENVOLVEMENTO DO COÑECEMENTO DE UN MESMO/A**

Analizar datos obtidos a través de autoinformes infantís e de cuestionarios sobre o desenvolvemento do autoconcepto, a identidade -sexual e de xénero- e os estereotipos de xénero (desenvolvemento da personalidade); reflexionar sobre a influencia que teñen as prácticas educativas familiares e escolares.

##### **4. DO PENSAMENTO PREOPERACIONAL ÁS OPERACIÓNS CONCRETAS**

Realizar un estudo clínico, a través da aplicación de probas operatorias, sobre o desenvolvemento cognitivo, acercándose desta forma ao pensamento dos nenos e das nenas entre os 3 e 12 anos de idade.

#### **B. BLOQUE PRÁCTICO II: O PROCESO DE ENSINO/APRENDIZAXE**

##### **1. OS CONTIDOS DA PSICOLOXÍA DA EDUCACIÓN NAS FONTES DOCUMENTAIS PRIMARIAS ESPECÍFICAS**

Aproximarse aos mecanismos actuais de procura de documentación a partir das revistas científicas ou fontes documentais primarias específicas que permitan a construción expansiva do coñecemento e o enriquecemento conceptual sobre os contidos da psicoloxía da educación.

##### **2. ANÁLISE CRÍTICA DE CONTOS INFANTÍS**

Analizar sistematicamente contos infantís coa finalidade de detectar trazos sexistas e estereotipos presentes nestes materiais escritos.

##### **3. AS ESTRATEXIAS DE APRENDIZAXE A TRAVÉS DO C.E.A.**

Identificar as propias estratexias de procesamento ou cognitivas e estratexias de manexo (técnicas de estudo) a través da aplicación dun cuestionario para a optimización do propio proceso de aprendizaxe.

## IV. METODOLOXÍA

A planificación de como ensinar é unha cuestión chave de todo proceso de ensino/aprendizaxe directamente relacionada coa necesidade de que o alumnado realice aprendizaxes significativas para se apropiar dos contidos da materia necesarios para a súa formación. Tendo en conta esta breve consideración presentamos a continuación os distintos procedementos e instrumentos que, de forma xenérica, se utilizarán na aula.

- a. Presentación do programa teórico-práctico da materia.
- b. Aínda que o enfoque metodolóxico basicamente se axustara a unha aprendizaxe receptiva, posto que os contidos teóricos serán entregados na súa forma final reprografados, intentarase mediante a orientación e a guía da profesora que o alumnado os reorganice descubriendo e dándolle un significado propio. Non obstante, en primeiro lugar, a presentación de cada tema e estruturación do mesmo será realizada pola profesora, a través dunha actividade expositiva, na que intentará que alumnado capte a información básica: (a) puntualizando conceptos, ideas e argumentos chave; (b) realizando referencias expresas ás relacións e conexións con outros temas e conceptos xa expostos; (c) proporcionando exemplos clarificadores. Con este fin recorrerase á exposición oral ou a material audiovisual. Durante estas exposicións tratarase de fomentar o diálogo e facilitar a construción expansiva do coñecemento mediante preguntas suscitadoras de hipóteses....
- c. Para facilitar que o alumnado comprenda significativamente a información, a integre na súa estrutura de coñecementos e se implique activamente, unha grande parte do traballo realizado na aula será colaborativo. Este traballo colaborativo en grupos pequenos consistirá na realización de actividades que se entregarán e realizarán maioritariamente na aula para cada un dos temas. Estas actividades serán basicamente de: orientación-execución (en que se darán as pautas ou as instrucións para que o alumnado execute, en base á información contida nos temas), demostración-práctica (nas que se demostra unha habilidade, estratexia ou técnica para que o alumnado a practique) ou, exposición-debate (nas que se presenta unha cuestión para que o alumnado debata). A exposición das conclusións alcanzadas por cada grupo de traballo deberán ser presentadas por escrito e expostas por unha persoa portavoz que será rotatoria, de modo que se poida facilitar que o alumnado perda o medo a expresarse en público e sexa capaz de facelo de forma clara e sistemática.
- d. Os contidos prácticos, presentados reprografados, seguirán unha metodoloxía de aprendizaxe cooperativa (grupos de tres persoas máximo). No caderno de prácticas preséntanse detalladamente os obxectivos, o procedemento a seguir e a forma de presentar o informe correspondente a cada unha das actividades prácticas. Porén, a profesora realizará na aula unha exposición destes contidos, e presentará unha planificación detallada en cada cuadrimestre co fin de resolver dúbidas e axudar na consecución dos obxectivos programados para cada práctica. Estes traballos tutelados fomentarán a aprendizaxe independente do alumnado e o seguimento desa aprendizaxe.
- e. As titorías que serven para resolver dúbidas, ampliar información ofrecendo bibliografía complementaria, supervisar e tutelar as prácticas da materia, guiar a aprendizaxe autónoma do alumnado, revisar exames, etc.

## V. SISTEMA DE AVALIACIÓN

A avaliación é o proceso por que se xulgan os resultados da aprendizaxe en relación coas competencias e cos contidos educacionais propostos de aí que se propoñen dous tipos de avaliación diferentes: unha para os contidos teóricos e outra para os contidos prácticos.



## CONVOCATORIA DE XUÑO

A avaliación farase en función de tres aspectos cuxo peso se indica a continuación

CONTIDOS TEÓRICOS	Probas parciais ou exame final	40%
	Actividades de aula	10%
CONTIDOS PRACTICOS	Informe de actividades prácticas	50%

A avaliación dos **contidos teóricos** farase a través de:

1. Tres probas escritas (de resposta breve e resposta múltiple), dúas probas parciais (unha para cada bloque temático conceptual, en marzo e xuño) e unha final (a esta última proba a realizar o 30 de xuño só se deberá presentar aquel alumnado que ou ben non se presentou a algún parcial ou parciais ou non acadou un mínimo de 4).  
Cada proba terá unha *puntuación máxima de 8 puntos* e a puntuación final será a media acadada nas probas parciais e/ou exame final.
2. Actividades realizadas en grupo para cada tema. Estas actividades terán unha valoración máxima de 2 puntos. *Só se valorarán as actividades realizadas dentro do contexto da aula* valorándose desta forma a asistencia e participación na mesma, de aí que *o alumnado que non veña ordinariamente á clase non poderá obter estes dous puntos*. Os puntos acadados sumaranse á nota obtida nas probas escritas *sempre que nestas se obteña unha cualificación mínima de 4 puntos*.

A avaliación dos **contidos prácticos** realizarase en función dun informe presentado por escrito das actividades prácticas que o *alumnado en grupo (de 3 persoas)* deberá presentar en dous bloques: un en *marzo* (1º bloque de prácticas) e outro en *maio* (2º bloque de prácticas), sempre antes da realización dos parciais. Para cada bloque farase unha planificación temporal que se entregará na aula e na que se especificará o período de titorización para cada práctica. *No caso de que os bloques de actividades prácticas non se entreguen nas datas acordadas, non se terá opción á realizar a proba parcial correspondente dos contidos conceptuais* (neste caso entregaríase o informe completo ou parcial unha semana antes do exame final). Este informe final das actividades prácticas valorarase de 1 a 10 puntos. Para realizar esta avaliación *é imprescindible ter presentadas todas as prácticas dos dous bloques*.

A **valoración final** da materia realizarase con base na media obtida entre as cualificacións das probas parciais (ou no seu caso a final) e mais as actividades de aula e a cualificación do informe final das actividades prácticas. *Esta media realizase sempre e cando se superaren as dúas partes (teórica e práctica)*. Terá cualificación de NON PRESENTADO só aquel alumnado que non participou de ningunha destas formas (realización de algunha das probas parciais, proba final, presentación dalgún bloque de actividades prácticas) no sistema de avaliación.

### RESTO DE CONVOCATORIAS (Setembro e/ou Decembro)

Avaliaranse os contidos teóricos en función dunha única proba, que se puntuará de 1 a 10. O informe das actividades prácticas deberá ser entregado como último día na data marcada polo centro para o exame final, puntuaranse de 1 a 10. A cualificación final será a media das dúas cualificacións.

No caso de estar aprobada a parte teórica da materia só terá que entregarse o informe dos contidos prácticos, que neste caso *terá que ser individual e previa titoría coa profesora*.

Se a que está aprobada é a parte práctica só terá que facerse a avaliación dos contidos teóricos. A cualificación final será a media das dúas cualificacións.

*Non se manterán os “aprobados” parciais, nin dos contidos teóricos nin prácticos. Ademais, a avaliación farase en función dos contidos teóricos e prácticos do curso académico no que o alumnado se matricule.*

## BIBLIOGRAFÍA BÁSICA (publicada a partir de 1990)<sup>1</sup>

### MANUAIS, TEXTOS E COMPILACIÓNS DE PSICOLOXÍA DO DESENVOLVEMENTO (OU EVOLUTIVA)

- BERGER, K.S. (2007): *Psicología del desarrollo: Infancia y adolescencia*. Madrid: Editorial Médica Panamericana (7ª ed.).
- BERK, L.E. (1999): *Desarrollo del niño y del adolescente*. Madrid: Prentice Hall.
- CORDOBA, A.I; DESCALS, A. E GIL, M.D. (Coords.) (2006): *Psicología del Desarrollo en la Edad Escolar*. Madrid: Pirámide.**
- CORRAL, A., GUTIERREZ, F. e HERRANZ, P. (1997): *Psicología evolutiva*. Tomo I. Madrid: UNED.
- CRAIG, G.J. (2001): *Desarrollo psicológico*. México: Prentice Hall (8ª ed.).
- DELVAL, J. (1994): *El desarrollo humano*. Madrid: Siglo XXI
- GARCÍA MADRUGA, J.A. e LACASA, P. (Dir.) (1990): *Psicología evolutiva*. 2 vols. Madrid: UNED.
- GONZÁLEZ, E. (Coord.) (2000): *Psicología del ciclo vital*. Madrid: CCS
- HERRANZ, P. e DELGADO, B. (Coords.) (2002): *Psicología del desarrollo y de la educación. Vol. 1: Psicología del desarrollo*. Madrid: UNED.
- HOFFMAN, L., PARIS, S. e HALL, E. (1995): *Psicología del desarrollo hoy*. Vol. 1. Madrid: McGraw Hill (6ª Ed.)
- MIETZEL, G. (2005): *Claves de la psicología evolutiva. Infancia y juventud*. Barcelona: Herder.
- MORALEDA, M. (1992): *Psicología del desarrollo. Infancia, adolescencia, madurez y senectud*. Barcelona: Boixareu Universitaria
- PALACIOS, J.; MARCHESI, A. e COLL, C. (Comps.) (1990): *Desarrollo psicológico y educación, I. Psicología evolutiva*. Madrid: Alianza Psicológica.
- PALACIOS, J.; MARCHESI, A. e COLL, C. (Comps.) (2002): *Desarrollo psicológico y educación, I. Psicología evolutiva*. Madrid: Alianza. Psicología y Educación. (2ªed.).**
- PAPALIA, D.E., WENDKOS, S. e DUSKIN, R. (2005): *Desarrollo humano*. Madrid: McGraw-Hill (9ªed.)
- PAPALIA, D.E., WENDKOS, S. e DUSKIN, R. (2005): *Psicología del Desarrollo*. Madrid: McGraw-Hill
- PERINAT, A. (1998): *Psicología del desarrollo. Un enfoque sistémico*. Barcelona: EDHASA
- PERINAT, A. (2002): *Psicología del desarrollo. Del nacimiento al final de la adolescencia*. Barcelona: UOC.
- RICE, F.P (2000): *Desarrollo humano. Estudio del ciclo vital*. México: Prentice- Hall.
- RUBIO, R. (1992): *Psicología del desarrollo*. Madrid: CCS.
- SANTROCK, J.W. (2003): *Psicología del desarrollo en la infancia*. Madrid: McGraw-Hill (7ª ed.)
- SANTROCK, J.W. (2003): *Psicología del Desarrollo. El ciclo vital*. Madrid: McGraw-Hill (10ª ed.)
- SHAFFER, D.R. (1999): *Psicología del Desarrollo. Infancia y Adolescencia*. México: International Thomson Editores
- SILVESTRE, N. e SOLE, M.R. (1993): *Psicología evolutiva. Infancia, preadolescencia*. Barcelona: CEAC

### MANUAIS, TEXTOS E COMPILACIÓNS DE PSICOLOXÍA DA EDUCACIÓN

- BELTRAN, J. e outros/as (1992): *Psicología de la educación*. Madrid: EUDEMA (2ª reimp.).
- BELTRAN, J. e BUENO, J.A. (Eds.) (1995): *Psicología de la educación*. Barcelona: Marcombo.
- BUENO, J.A. e CASTANEDO, C. (Coords.) (2001): *Psicología de la educación aplicada*. Madrid: CCS (2ª ed.)**
- COLL, C., PALACIOS, J. e MARCHESI, A. (Comps.) (1990): *Desarrollo psicológico y educación, II. Psicología de la educación*. Madrid: Alianza Psicológica.
- COLL, C., PALACIOS, J. e MARCHESI, A. (Comps.) (2001): *Desarrollo psicológico y educación. II. Psicología de la educación escolar*. Madrid: Alianza. Psicología y Educación (1ª ed. renovada).**
- GONZÁLEZ PIENDA, J.A. e outros (Coords.) (2002): *Manual de psicología de la educación*. Madrid: Pirámide.
- GOOD, T.H.L. e BROPHY, J. (1996): *Psicología educativa contemporánea*. Madrid: McGraw Hill (5ª e.).
- HENSON, K.T. e ELLER, B.F. (2000): *Psicología educativa para la enseñanza eficaz*. México: International Thomson Editores.
- PONTECORVO, Cl. (Coord.) (2003): *Manual de Psicología de la Educación*. Madrid: Ed. Popular.
- SAMPASCUAL, G. (2001): *Psicología de la educación*. Madrid: UNED.
- SAMPASCUAL, G. (2002): *Psicología del desarrollo y de la educación. Vol. II: Psicología de la educación*. Madrid: UNED.
- SANTROCK, J.W. (2001): *Psicología de la educación*. México: McGraw Hill.

<sup>1</sup> Os manuais, textos ou compilacións que aparecen en negra están especialmente recomendados.

- SPRINTHALL, N.A., SPRINTHALL, R.C. e OJA, S.N. (1996): *Psicología de la educación*. Madrid: McGraw Hill (6ª Ed.)
- TRIANES, M.V. (Coord.) (1996): *Psicología de la educación para profesores*. Madrid: Pirámide (Biblioteca Eudema).
- WOOLFOLK, A. (1999): *Psicología educativa*. México: Prentice Hall (7ª ed.)

### **COMPILACIONES QUE ABORDAN CONTIDOS DE AMBAS DISCIPLINAS**

- MIRAS, F.; SALVADOR, F. e ÁLVAREZ, J. (2001): *Psicología de la educación y del desarrollo en la edad escolar*. Granada: Grupo Editorial Universitario
- TRIANES, M.V. e GALLARDO, J.A. (Coords) (1998): *Psicología de la educación y del desarrollo*. Madrid: Pirámide.
- TRIANES, M.V. e GALLARDO, J.A. (Coords) (2004): *Psicología de la educación y del desarrollo en contextos escolares*. Madrid: Pirámide.